

Comunicado de prensa

NOVA ESCOLA GALEGA SAÚDA O CONSENSO SOBRE A NORMATIVA DO IDIOMA GALEGO

En relación coa noticia -só coñecida ata o momento a través dos medios de comunicación- do Visto e Prace outorgado pola Real Academia Galega á normativa consensuada tempo atrás por defensores de dúas das tres principais tendencias ortográficas existentes, NOVA ESCOLA GALEGA, Movemento de Renovación Pedagóxica que se ten caracterizado nos seus vinte anos de existencia por un traballo continuo na procura da normalización do idioma galego, quere saudar o que semella o principio dun consenso normativo longamente agardado.

Entende NOVA ESCOLA GALEGA que, se ben o debate normativo non é máis que un pequeno chanzo do complexo debate social sobre a normalización do idioma, o feito de que se estea chegando a unha *normativa da concordia* alomenos entre dúas das tendencias ortográficas existentes, debe posibilitar que, particularmente nos centros educativos, a cuestión ortográfica deixe de ser a desculpa perfecta para obviar unha implicación decidida na problemática do idioma por parte de todos os educadores e educadoras.

Fai un chamamento NOVA ESCOLA GALEGA, por último, para que a concordia ortográfica leve consigo a convocatoria dun amplo debate, aberto a toda a sociedade galega, no que se poña sobre a mesa a situación real do idioma nos nosos días e se articulen as bases dunha política lingüística que, dunha vez por todas e con todas as consecuencias, procure a plena normalización do idioma galego.

Santiago de Compostela, 12 de xullo de 2003

NOVA ESCOLA GALEGA, Movemento de Renovación Pedagóxica.

Integrado na Confederación Estatal de Movementsos de Renovación Pedagóxica.